

60 PEZAS para sesenta ANOS

1963-2023
FUNDACIÓN
PENZOL



PENZOL

Do 21 de febreiro
ao 21 de maio de 2023

Casa Galega da Cultura



60 ANIVERSARIO DA FUNDACIÓN PENZOL

No ano 1956, o bibliófilo e galeguista Fermín Fernández Penzol-Labandera fai entrega á Editorial Galaxia de 7.751 libros, 6.012 folletos e unha importante cantidade de documentos, revistas e manuscritos referentes a Galicia.

Con este patrimonio, Galaxia e Fermín Penzol deciden crear a Fundación Penzol “co degoiro de que istes fondos poidan servir de axuda coa meirande eficacia a cantes queiran consagrarse ó estudo e a investigación da historia e problemas da realidade cultural e social galega”, constituída ante notario o 7 de abril de 1963 e inaugurada o 5 de maio do mesmo ano cunha conferencia do filólogo portugués Manuel Rodrigues Lapa, á que asistiron un destacado grupo de mozos e mozas galeguistas.

Estableceuse no primeiro andar do número 24 de rúa Policarpo Sanz de Vigo, e alí estivo ata o 1985, cando se traslada á Casa Galega da Cultura mediante un convenio co Concello de Vigo, en que este se compromete a proporcionar espazo para as instalacións, persoal técnico e infraestrutura de xestión.

A Penzol é un arquivo-biblioteca dos máis importantes que existen sobre temática galega. Os seus fondos fóreronse incrementado desde aquela achega inicial con novas adquisicións ao fundador, en vida, e con doazóns de libros e documentos das editoriais galegas, universidades, institucións públicas, asociacións culturais e particulares.

Os depósitos actuais contan con 47.000 libros impresos, 3.800 publicacións periódicas, 106 títulos de manuscritos dos séculos XVII ao XIX, 287 pergamiños dos séculos XII a XVI, unha colección de cartografía histórica de Galicia desde o século XVII e un arquivo de documentos de 150 metros lineais.

Destacan, entre outros, os fondos de Ramón Otero Pedrayo, Castelao, Ramón Piñeiro, Xosé María Álvarez Blázquez, Álvaro Cunqueiro, María do Carme Kruckenberg, Xosé Luís Franco Grande, Ramón Martínez López, Alfonso Zulueta, Avelino Pousa...

A EXPOSICIÓN

Na exposición móstranse sesenta pezas, unha por cada ano de existencia da Fundación, seleccionadas dos seus valiosos fondos das seccións de obxectos, carteis, cartografía de Galicia, libros manuscritos, fondos arquivísticos, libros impresos e revistas e publicacións periódicas. Para conseguir unha mostra significativa do que se custodia nas nosas instalacións empregáronse na escolma os seguintes criterios:

- Documentos e libros más antigos e, dentro destes, aqueles en que destaca a presenza da lingua galega.
- Obxectos, fondos arquivísticos e libros que mostran a memoria de Galicia por medio da obra de destacados literatos, políticos, lingüistas e historiadores.
- Documentos cartográficos de Galicia, uns dos sinais de identidade do noso país.
- Periódicos e revistas en galego e outras linguas que teñan relación coa memoria de Galicia en todos os ámbitos.
- Por último, procurouse a presenza dalgunha peza dos diferentes fondos arquivísticos pertencentes a destacadas figuras da nosa cultura.

Confiamos en que o resultado amose ás persoas visitantes unha idea clara da nosa vocación de Biblioteca Nacional de Galicia, depositaria da memoria na nosa identidade, aberta a quen queiran consultala.



TESTEMUÑOS

Salientar a Biblioteca Penzol como referente, así como os vencellos que me uniron a ela. Durante corenta anos consecutivos foi para mi fogar de cultura no que me acubillei. Penso que na miña entrega ao seu servizo cumprín axeitadamente os desexos do fundador. Ningún sitio mellor para ese retiro que a Biblioteca Penzol. Continuarei acudido acotío a ela, mentres teña folgos. A mente sostense viva, lúcida. Pero os ollos van gastos, e envellecidos os ósos. Con todo, seguirei achegándome, áinda que paseniña e traballoasamente, ás nove da mañá ao querido local da Casa Galega da Cultura.

Francisco Fernández del Riego (2003). *Camiño andado*, pp. 240-241

Mais, andando o tempo [os amigos da Penzol], cando sintan interese por estudar a realidade galega irán acudindo á Biblioteca Penzol á procura de fontes, á compulsa de textos, á rebusca de datos. E alí, cada libro, cada revista ou cada documento consultado abriráselle xenerosamente como unha man tendida. [...]

Naturalmente, sobra dicir que a bibliofilia de Fermín Penzol non respondía á paixón do colecciónismo, ao goce cobizoso da posesión. Naceu e forma parte do seu ideal galeguista.

Ramón Piñeiro (2010). “Nesta xuntanza amistosa”, en *Fermín Penzol. Unha obra para un país*, p. 24



A súa intensa dedicación [a de Fermín Penzol] de décadas á procura de libros galegos, e os seus esforzos económicos para adquirilos, estaban presididos por unha idea: a de construír no seu día unha biblioteca no país e sobre o país na que se formasen ou orientasen todos aqueles que, noutros centros bibliográficos de Galicia, non atoparían o espírito da Biblioteca Penzol, unha biblioteca onde non poucos títulos e fondos foron adquiridos e doados como un capítulo da memoria de Galicia, da mellor memoria de Galicia.

Xesús Alonso Montero. “Fermín Penzol: bibliofilia e política”, en *Fermín Penzol. Unha obra para un país*, p. 116

Un día, Penzol doou a súa biblioteca ao pobo galego e situouna en Vigo porque a tradición nacional, desde Murguía, Rosalía, Alexandre Chao e Compañel, sabe que Vigo é o centro simbólico da Galicia futura e ceibe. Os patriotas todos impulsaron a obra de constitución e posta en funcionamento da Fundación Penzol; pero foi, más unha vez, Francisco Fernández del Riego que se puxo desde o primeiro intre á súa frente, e alí continuou capitán da nobre empresa deica xaneiro deste ano 2010.

Xosé Luís Méndez Ferrín (2010). “A imaxe da lealdade”, en *Fermín Penzol. Unha obra para un país*, p. 141

A biblioteca da Fundación Penzol nace coas características dunha biblioteca nacional galega [...] pois o seu fundador tivo a intención de recoller, conservar e difundir o patrimonio bibliográfico e documental de Galicia e doutros territorios intimamente relacionados (Asturias occidental, O Bierzo, Lubián, Estremadura, Brasil etc.) [...] que el [Fermín Penzol] puxo a disposición de Galicia.

Olga Gallego Domínguez; Pedro López Gómez (2010). “A Fundación Penzol como Biblioteca Nacional de Galicia”, en *Fermín Penzol. Unha obra para un país*, p. 60

Dende o momento mesmo da súa inauguración, a Fundación Penzol foi un lugar de encontros, no que confluían xentes moi diversas e de moi diferentes actitudes, áinda que case todas elas tiñan a Galicia como norte das súas vidas.

Xosé Luís Franco Grande (2010). “Un lugar de encontro”, en *Fermín Penzol. Unha obra para un país*, p. 134

Mais o orgullo e o entusiasmo por ter a oportunidade de traballar acotío nesta biblioteca permanece, acrecentado. Este é un recanto privilexiado, tocado pola sabedoría plural dos usuarios que por aquí pasan e das obras que aquí moran. Entre aqueles e estas prodúcese un troco incesante de ideas, pensamentos, coñecementos e descubertas. [...] Ser testemuña destes momentos [...] é, sen dúbida, a máis grande recompensa polo noso labor.

Marián Vidal Fraile (2010). “A gran recompensa do noso labor”, en *Fermín Penzol. Unha obra para un país*, p. 152

60 PEZAS *para* *sesenta* ANOS

1963-2023
FUNDACIÓN
PENZOL

Exposición organizada pola Fundación Penzol

Comisariado:

Francisco Domínguez Martínez

Coordinación:

Xesús Domínguez Dono

Colaboracións:

Marián Vidal Fraile

María Dolores Cabrera Iglesias

Xosé Manuel Soutullo

Deseño:

Hayat Husein

Fabricación e montaxe:

CdeC. Servicios Gráficos

Documentación:

Marián Vidal Fraile

Benito Ramírez Abal

Rosa G. Bordallo

Pilar Vilaboy

Mercedes Sotelo

Agradecementos:

Concello de Vigo

Editorial Galaxia

Personal da Casa Galega da Cultura

Casa Galega da Cultura

Praza da Princesa, 2. Vigo.

Do 21 de febreiro ao 21 de maio de 2023

Luns a venres: de 18:00 a 21:00 h.

Sábados: de 12:00 a 14:00 e de 18:00 a 21:00 h.

Domingos e festivos: de 12:00 a 14:00 h.



REDE DE MUSEOS
CONCELLO DE VIGO
Casa Galega da Cultura

**CONCELLO
DE VIGO**

